

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 * 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os tesouros do castro das Coroas

«As Coroas, aun se conservan, se ven onde durmían, inda hai os ...; porque hai fincas, houbo fincas de labradío agora e topouse, ai topouse ouro, houbo vivienda, porque tiveron amurallados que se ve, picado na pena, por onde taba amurallado e vivirán ai, nese piquín mesmo, ai detrás. Houbo vivendas aí, i aí topouse ... unhos de Villarxuane toparon unha olada de ouro. Un señor que taba gaveando, topou unha olada de ouro.

E entoncias taba molido, e entoncias había un señor que iba a Orense, que transportaba mercancia, con mulos, que lle chamaban "Os Aguirres" e como iba a Orense, deullo pra que o levase a ver se daban algo por el. E marchou, o outro marchou ca olada e foi a Orense e veu e díxolle que non valía. nada, que aquilo non era nada. E comprou en Orense unha calle enteira que non taba edificada aínda, do 1 ó 11, a acera toda de riba a baixo. E estableceuse alí e tuvo alí un comercio. Era de aquí de Villaeimil.

E miña abuela tamén, tífian unha leira aí e tamén topou monedas, esas xa eran monedas; valían o valor de cinco duros daquela en monedas de ouro. Ai houbo vivienda, ai houbo unhos castros, máis abaixo chámase Chao do Castro».

[Transcripción da gravación realizada a Marcelino Morado Lombardero. Bogo. A Pontenova (Lugo).

Ano 1996]

Localización: As Coroas, Bogo, A Pontenova (Lugo).

BIBLIOGRAFÍA

CARNERO, O., CUBA, X., REIGOSA, A. e SALVADOR, M., Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances. Deputación Provincial de Lugo, 1998.